



PROXECTO YOUTUBERS POR UN DÍA

IES VALADARES

BIBLIOTECA O SOBREIRAL DAS PALABRAS

CURSO 2018-2019

Índice

1. Introducción	3
1.1. Xustificación e contextualización.....	3
1.3. Liñas de actuación	6
1.4. Concreción curricular.....	6
2. Obxecto e temática de investigación propostas	10
3. Descrición do proceso de deseño e elaboración	10
3.1. Fase inicial	10
3.1.1. Por que e para que?	10
3.1.2. Como?.....	11
3.2. Desenvolvemento	12
4. Documentación elaborada	13
5. Tarefas realizadas polo alumnado	14
6. Recursos utilizados	14
7. Implicación da comunidade educativa	14
8. Difusión dos traballos	15
9. Avaliación.....	15
10. Función e participación da biblioteca	16

1. Introducción

1.1. Xustificación e contextualización

Este proxecto foi desenvolvido na materia de **Investigación e tratamento da información**. O principal obxectivo era ofrecerlle ao alumnado unha proposta diferente para traballar destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para ser competentes na sociedade da información.

Para o desenvolvemento da competencia informacional deseñáronse diferentes situacións contextualizadas que perseguían a resolución dun problema ou a realización dun produto para dar resposta a unha necesidade de información.

O primeiro paso foi formular **retos** para coñecer a CDU, a busca no catálogo, a busca da información nos libros ou na rede, a valoración dos resultados obtidos... A metodoloxía de proxectos resultou a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen no currículo desta materia. Por iso, o seguinte paso foi propoñer dous **proxectos**.

Na segunda avaliación o alumnado investigou sobre árbores e plantas ameazadas ou que son unha ameaza. Esta tarefa estaba incluída dentro do proxecto [EU PROTESTO](#) proposto pola biblioteca escolar. O produto final (carteis informativos interactivos) formaron parte da exposición realizada no centro na Semana cultural.

O proxecto proposto para a 3º avaliación foi **Youtubers por un día**. Xorde da identificación dunha dobre necesidade: coñecer que se pode facer no

recreo no noso instituto e axudar ao alumnado novo que vén ao centro, sobre todo, aquel ao que lle custa máis adaptarse aos cambios.



Somos un centro de secundaria con alumnado con diferentes necesidades educativas. Temos un número elevado de nenos con trastornos do espectro autista. A parte das medidas ordinarias e extraordinarias que se están a levar a cabo, no centro sentimos a necesidade de marcar un camiño claro cara a unha **inclusión afectiva**, lembrando que todos somos diferentes e únicos e poñendo de manifesto os nosos puntos fortes e débiles. Queremos transmitir tamén un compromiso de corresponsabilidade, de acollida, de acompañamento ao alumnado novo.

Este foi un proxecto coordinado cunha das aulas de PT. Incorporáronse a este traballo dous alumnos con NEE de 3º ESO que reciben apoio dunha das PT. Participaron nos grupos e axudaron na gravación e edición de vídeos.

Traballar conxuntamente coa mestra de apoio á inclusión fixo que a mirada do produto final se pousase tamén na necesidade de dar resposta en todos e cada un dos destinatarios.

Por iso, realizáronse pequenas investigacións de cara á elaboración dun produto final (un vídeo explicativo subido) cuxo obxectivo é amosar que se pode facer no centro e sensibilizar sobre a diversidade, e, ao mesmo tempo, facilitar a transición da educación primaria á educación secundaria.

Entendemos que toda proposta de atención á diversidade é boa se tamén pode beneficiarse dela o conxunto do alumnado, evitando así a creación de actividades paralelas ás ordinarias que contradín o principio de inclusión.

1.2. Obxectivos

Estes son os **principais obxectivos** que se pretendían acadar:

- Promover o desenvolvemento crítico.
- Estimular o emprego de metodoloxías activas.
- Desenvolver as competencias transmedia e as alfabetizacións múltiples.
- Reflexionar sobre a diversidade e a igualdade de oportunidades.
- Mellorar a accesibilidade cognitiva do centro.

1.3. Liñas de actuación

As **liñas de actuación** foron cinco: FALAR, ESCOITAR, INVESTIGAR, REFLEXIONAR e COMPARTIR.



1.4. Concreción curricular

Nestes cadros queda recollida a concreción curricular deste proxecto: que actividades se levaron a cabo para adquirir os estándares de aprendizaxe e as competencias.

A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendendo son as más beneficiadas neste proxecto. Pero tamén axudou a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais.

FASE INICIAL			
Actividades		Estándares	Comp.
<ul style="list-style-type: none"> – Reflexión sobre como se sentiron o primeiro día de clase. – Reflexión sobre que se pode facer no instituto. – Organización de grupos e reparto de roles. – Chuvia de ideas sobre as actividades que se poden facer nos recreos no instituto. – Visualización de vídeos de Youtube. – Análise de diferentes vídeos explicativos seguindo unhas pautas. 	INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO	<p>INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.</p> <p>INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.</p> <p>INEINB3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.</p> <p>INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.</p>	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
	LINGUA GALEGA	<p>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.</p> <p>LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.</p>	

TRABALLO COA INFORMACIÓN: busca, tratamento e comunicación			
Actividades		Estándares	Comp.
<ul style="list-style-type: none"> – Creación dun guión provisional. – Busca de fontes para procurar a información. – Selección de fontes orais. 	INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO	<p>INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.</p> <p>INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.</p> <p>INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información.</p> <p>INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.</p>	<p>CCL CD CAA CD CSIEE CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> – Lectura de entrevistas. – Creación da entrevista. – Lectura de diferentes textos expositivos. – Elaboración dun guión para organizar a información do texto. – Creación dun textos expositivo. – Gravación e edición do vídeo. 		<p>INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontínuos e sabe extraer as ideas principais.</p> <p>INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.</p> <p>INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).</p> <p>INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.</p>	

	LINGUA GALEGA	<p>LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.</p> <p>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.</p> <p>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> – Presentación do produto final aos compañeiros, explicando o proceso e o resultado final. – Avaliación e valoración dos vídeos creados por cada grupo. 		<p>INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.</p> <p>INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.</p> <p>INEINB5.9.3. escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.</p> <p>INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.</p>	<p>CD CCL CSIEE CSC CAA</p>

2. Obxecto e temática de investigación propostas

O punto de partida deste proxecto xorde dunha reflexión dobre. Por unha banda, cada vez que o noso alumnado precisa unha explicación acode a Youtube na busca dun vídeo que lle axude a entender ou a facer unha tarefa. Por outra banda, o alumnado de 1º ESO ten recentes as dificultades e os problemas cos que se encontrou ao chegar ao instituto hai uns meses.

Por iso, o produto final proposto é a creación dun vídeo seguindo o estilo dos youtubers que amose información sobre o IES Valadares e que sirva para dar a benvida ao novo alumnado do centro.

3. Descrición do proceso de deseño e elaboración

3.1. Fase inicial


3.1.1. Por que e para que?

O alumnado organizouse en grupos de tres ou catro. Cada grupo creou o seu propio caderno de traballo onde recolleu as actividades propostas.

Na primeira sesión iniciouse o proxecto con dúas preguntas:

- *Cantas veces buscamos vídeos explicativos para solucionar algún problema na nosa vida diaria?*
- *Como te sentiches os primeiros días no instituto?*

A primeira pregunta serviu de motivación para enganchar ao alumnado a un proxecto no que eles ían ser os protagonistas e os actores principais. A segunda pregunta tiña a finalidade de que o alumnado falase de como se sentiu nos primeiros días no mes de setembro, centrándose nos espazos e tempos de lecer. O obxectivo era que creasen unha listaxe de todo o que se pode facer no centro nos recreos, desta listaxe saíron os temas dos vídeos.



3.1.2. Como?

Despois desta reflexión inicial o alumnado visualizou tres vídeos explicativos que tiveron que analizar tendo en conta preguntas relacionadas co contido, a estrutura e a forma.

Unha vez escollido o tema e dun primeiro achegamento ao mundo de Youtube o alumnado xa estaba preparado para comezar a crear os seus propios vídeos.

3.2. Desenvolvemento

A segunda fase do proxecto desenvolveuse seguindo o [modelo das tres fases](#) de Gloria Durban e Anna Blasco.

1º Busca de información

- Recompilación dos **coñecementos previos**.
- Elaboración de un **guión provisional** con aqueles aspectos e ideas relacionadas co espazo ou actividade que teñen que comentar.
- Busca de información accedendo ás **fontes orais**, persoal do centro encargado dos diferentes espazos e actividades do centro: xefa de estudos, responsable de actividades deportivas, coordinadora da biblioteca...

TEMAS	ENTREVISTADOS
A biblioteca	Coordinadora
Espazo de xogos	Axudantes responsables deste espazo
Espazos de lecer	Xefatura de estudos, usuarios/as deste espazo
O patio	Xefatura de estudos
Actividades deportivas	Coordinador destas actividades
A cafetería	Responsable da cafetería
Non facer nada	Alumnado do centro
O primeiro día de clase	Xefatura de estudos

- Creación dunha **entrevista** para facerlle ao persoal escollido. Previamente, coñeceuse a súa estrutura e características.
- Seleccionouse a información pertinente de cada unha das entrevistas e dos coñecementos previos.

- Reelaboración do **guión** para estruturar o texto que se quere crear.
- Achegamento aos **textos instrutivos e explicativos**. Coñeceuse a estrutura e as características textuais.
- Achegamento á **linguaxe** que empregan os Youtubers.
- **Xeración de contidos**
 - **Escritura**. Creáronse textos explicativos seguindo as pautas dadas e coa información seleccionada das entrevistas feitas.
 - **Gravación e edición do programa**
 - Coñecéronse técnicas de gravación e edición de vídeos.
 - Cada grupo gravou o seu vídeo cunha das tablets da biblioteca.
 - Unificáronse criterios para a edición dos vídeos para que todos tiveran a mesma portada e os mesmos efectos.

2º Comunicación da información

- Os vídeos foron subidos ao blog da biblioteca.
- Presentación do produto final aos compañeiros, explicando o proceso e o resultado final.
- Avaliación e valoración dos vídeos creados por cada grupo cunha rúbrica.

4. Documentación elaborada

Creouse un espazo web onde se subiu toda a información relacionada coa materia e co proxecto denominado [Laboratorio de información](#).

- Explicación do proceso con [pautas claras de actuación](#).
- Modelo de [guión gráfico](#).
- [Rúbrica](#) de avaliación.

5. Tarefas realizadas polo alumnado

O alumnado realizou as seguintes tarefas:

- Entrevista a persoal do centro responsable de cada unha das actividades ou espazos traballados.
- Texto expositivo sobre cada un dos temas.
- [Vídeos explicativos.](#)

6. Recursos utilizados

Desta vez as fontes empregadas foron orais. Quixemos poñer de relevo a voz daqueles que nos acompañan diariamente e son coñecedores do que está a pasar ao noso arredor.

Durante o proceso consultamos diferentes fontes:

- para a creación dos diferentes tipos de [textos](#),
- [artigos de periódico](#) sobre a linguaxe de youtube,
- Información sobre a [entrevista](#).

Para traballar empregáronse os ordenadores e as tablets da biblioteca.

7. Implicación da comunidade educativa

A implicación da comunidade educativa foi moi boa.

- O equipo directivo e o equipo de biblioteca apoiaron o deseño e desenvolvemento do proxecto.

- O departamento de orientación colaborou activamente no deseño e planificación do proxecto. Unha das PT do instituto traballou na aula durante todo o proceso.
- As entradas do blog que recollen estes vídeos son das máis vistas o que reflicte que a difusión foi boa por parte de toda a comunidade educativa.

8. Difusión dos traballos

Todas as activades foron recollidas no blog da biblioteca [O Sobreiral das palabras](#). O deseño e a planificación do proxecto está recollido no espazo web: [Laboratorio de información](#).

Ademais difundíronse os traballos e as propostas nas contas das redes sociais da biblioteca e do instituto:

- Twitter ([@OSobreiral](#), [@IESValadares](#)),
- Instagram ([@Osobreiral](#)),
- Facebook ([@iesvaladares](#)).

9. Avaliación

Para valorar os vídeos creados cada grupo avaliounos con esta rúbrica e comentou nunha posta en común que aspectos lles gustaron máis e cales menos.

Youtubers por un día

Youtubers por un día	Muy bien 2	Bien 1.5	Regular 1	Mal 0.5
COHERENCIA 20%	La información que da es clara. Está bien organizada: introducción, desarrollo y conclusión. Predominan las secuencias expositivas en el desarrollo.	La información es bastante clara y está bastante bien organizada: introducción, desarrollo y conclusión. Hay varias secuencias expositivas en el desarrollo.	No se entiende muy bien la información que da. No quedan muy claras las partes de la exposición: introducción, desarrollo y conclusión. Hay pocas secuencias expositivas en el desarrollo.	La información no es clara ni está bien organizada: introducción, desarrollo y conclusión. No predominan las secuencias expositivas en el desarrollo.
GESTIÓN DEL TIEMPO 20%	Respeto el tiempo indicado. El vídeo dura sobre 90 segundos.	Respeto el tiempo indicado. El vídeo dura sobre 60 segundos.	Respeto el tiempo indicado. El vídeo dura sobre 30 segundos.	No se respeta el tiempo indicado.
POSTURA DEL CUERPO Y CONTACTO VISUAL 20%	La postura de los youtubers es correcta, no dan la espalda. No se mueven. Dirigen la mirada constantemente a la cámara.	La mayoría del tiempo postura de los youtubers es correcta, no dan la espalda. No se mueven. Dirigen la mirada constantemente a la cámara.	Algunas veces mantienen la postura. Se mueven un poco. En ocasiones dirigen la mirada a la cámara.	No mantiene una postura correcta. La mayoría de las veces no dirigen su mirada a la cámara.
DICCIÓN 20%	Los youtubers hablan con claridad, con un tono adecuado, haciendo inflexiones de voz para resaltar las palabras e ideas clave.	La mayor parte del tiempo los youtubers hablan con claridad, con un tono adecuado, haciendo inflexiones de voz para resaltar las palabras e ideas clave.	A veces, los youtubers hablan con claridad, con un tono adecuado, haciendo inflexiones de voz para resaltar las palabras e ideas clave.	Los youtubers hablan demasiado rápido, no se entiende, el tono no es adecuado, no hacen inflexiones de voz para resaltar las palabras e ideas clave.
ORIGINALIDAD 20%	La información se presenta de un modo original: por los planos empleados, por los elementos de unión entre las secuencias con otras, por los espacios presentados, por el vocabulario empleado, por las presentaciones o despedidas...	Se presenta algún elemento original en el vídeo: los planos empleados, los elementos de unión entre las secuencias con otras, los espacios presentados, por el vocabulario empleado, presentaciones o despedidas...	Se presenta pocos elementos originales en el vídeo: los planos empleados, los elementos de unión entre las secuencias con otras, los espacios presentados, por el vocabulario empleado, presentaciones o despedidas...	No aparece ningún elemento original en el vídeo: los planos empleados, los elementos de unión entre las secuencias con otras, los espacios presentados, por el vocabulario empleado, presentaciones o despedidas...

A profesora de ITI e a integrante do equipo de orientación que colaborou neste proxecto analizaron os atrancos e os erros facendo unha proposta de mellora para o próximo curso.

10. Función e participación da biblioteca

A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, por iso, foi o espazo escollido para traballar esta materia durante todo o curso. Foi o centro de operacións desta materia:

- facilitou material e recursos ao alumnado e ao profesorado,
- guiou o deseño e desenvolvemento do proxecto,
- difundiu as actividades realizadas.